



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 06 DE XULLO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

2.. LAP/527/2019.- Conceder licenza de obras para reforma de nave industrial e de apertura de lavandería na Vía Pasteur, 17.

3. LAP/582/2019.- Conceder licenza de obras para construción de edificación destinada a hostel na rúa Vite de Abaixo, 41.

4. LIC/2103/2019.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación de vivenda situada no lugar de O Ganoso, 11.

PARCELACION/SEGREGACION.-

5. Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión libre de cargas dunha parcela destinada a viario formalizada en escritura pública; e conceder a agrupación de dúas parcelas para a súa segregación con configuración máis axeitada, sitas no lugar de Ponte Alvar, s/n. LIC/1626/2019. Aceptar a cesión libre de cargas da parcela que se describe destinada a viario formalizada en escritura pública e conceder a agrupación de dúas parcelas para a súa segregación en dúas novas parcelas con configuración máis axeitada sitas no lugar de Ponte Alvar, s/n.

APERTURAS.-

6. - Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á ampliación de horario de peche dos locais da Asociación Hostalería Compostela durante as festas do Apóstolo e San Roque de 2020. Apróbase ampliar nunha hora o horario de peche sempre que os establecementos dispoñan da correspondente licenza municipal e cumpra con toda a normativa de aplicación; coincidindo coas seguintes datas de interese turístico e festivo e o incremento de visitantes:

- As noites do 13 ao 31 de xullo de 2020 (Festas do Apóstolo)
- As noites do 7 ao 16 de agosto de 2020 (San Roque).

PLANEAMENTO.-

7. - XPL/6/2020.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e dos Proxectos de estatutos e bases de actuación da área de execución integral D (AEI-D) do PERI-2. Conxo. Acórdase aprobar inicialmente a modificación do sistema de cooperación fixado polo Plan Especial de Reforma Interior PERI-2 (Conxo de Arriba) para o desenvolvemento da Área de Execución Integral AEI-D, substituíndo o citado sistema directo polo de compensación; así como aprobar inicialmente os proxectos de Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-D do PERI-2, presentados por “Achia alquileres” e “Estudio 5 de gestión y proyectos”.

8. - XPL/7/2020.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e dos Proxectos de estatutos e bases de actuación da área de execución integral B (AEI-B) do PERI-2. Conxo. Acórdase aprobar inicialmente a modificación do sistema de cooperación fixado polo Plan Especial de Reforma Interior PERI-2 (Conxo de Arriba) para o desenvolvemento da Área de Execución Integral AEI-B, substituíndo o citado sistema directo polo de compensación; así como aprobar inicialmente os proxectos de Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-B do PERI-2, presentados por “Achia alquileres” .

9. - PLA/8/2020.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a mellora de accesibilidade e das condicións xerais das edificacións do Grupo de Vivendas Diego Xelmírez. Apróbase o citado estudo de detalle, que contén a delimitación espacial do ámbito de actuación, para os efectos do disposto polos artigos 24 da RD lexislativo 7/2025 e 13.2 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que habilitan a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou doutros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética. Acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas ou cumprimento de aliñacións. O estudo de detalle inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo dun mes.

10. Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Persoal relativa á aprobación da oferta de emprego do concello de Santiago para 2020. Acórdase declarar a **caducidade do procedemento** no que atinxe ás seguintes prazas incluídas na oferta de emprego do ano 2016, para a súa incorporación na oferta de emprego do ano 2020. Estas prazas do ano 2016 serían:

- Unha de técnico/a de xestión (persoa funcionario) para a oficina orzamentaria
- Unha de arquitecto/a (persoal funcionario)
- Cinco de músicos solistas (persoal funcionario)
- Unha de psicólogo/a (persoal laboral)
- Unha de educador/a familiar (persoal laboral)
- Unha de músico (persoal laboral)
- Catro de coordinador/a de Centros Socioculturais (persoal laboral)

Apróbase a Oferta de Emprego Público 2020, co seguinte contido:

Quenda libre: 27 prazas. Resérvase dúas prazas para persoas con discapacidade. Propóñense: 1 uxier, e un auxiliar administrativo.

Promoción interna: 19 prazas. Resérvase unha praza para persoas con discapacidade. Proponse a de Músico solista.

QUENDA LIBRE. PERSOAL FUNCIONARIO

- 2 técnicos/as de xestión da Admon. Xeral, grupo A2.
- 5 administrativos da Admon. Xeral, grupo C1.
- 5 administrativos da Admon. Xeral, grupo C1.
- 1 auxiliar administrativo da Admon. Xeral, grupo C2.
- 2 uxier da Admon. Xeral, (agrupación profesional)
- 1 letrado da Admon. Especial, grupo A1.
- 1 arquitecto da Admon. Especial, grupo A1.
- 1 técnico medio prevención riscos laborais da Admon. Especial, grupo A2
- 1 delineante da Admon. Especial, grupo C1.
- 1 oficial albanel da Admon. Especial, grupo C2
- 1 oficial carpinteiro da Admon. Especial, grupo C2
- 1 auxiliar de inspección de servizos da Admon. Especial, grupo C2
- 1 bombeiro-condutor da Admon. Especial, grupo C2
- 1 inspector principal (policía local) da Admon. Especial, grupo A2
- 1 policía local da Admon. Especial, grupo C2

QUENDA LIBRE. PERSOAL LABORAL

- 1 psicólogo/a. Persoal laboral, grupo A1
- 1 educador/a familiar. Persoal laboral, grupo A1

PROMOCIÓN INTERNA. PERSOAL FUNCIONARIO.

- 4 técnicos da Admon. Xeral, grupo A1
- 1 intendente (policía local) da Admon. Especial, grupo A1
- 2 oficial (policía local da Admon. Especial, grupo C1
- 2 sarxentos de bombeiros da Admon. Especial, grupo C1
- 5 músicos solistas (Banda de Música). da Admon. Especial, grupo A2

PROMOCION INTERNA. PERSOAL LABORAL

- 4 coordinadores Centros Socioculturais. Persoal Laboral, grupo A2
- 1 Músico. Persoal Laboral, grupo C1

11. Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Aprobáronse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos por prestación do servizo de mantemento da iluminación pública e ornamental, dos meses de abril e maio, e aprobación da indemnización substitutiva por importe de 154.576,92 euros a favor de Ferrovial Servicios, S.A.
- Gastos por prestación do servizo de aluguer de apuntalamiento do muro de Bonaval, no período de maio, e aprobación da indemnización substitutiva por importe de 3.647,85 euros, a favor de Estructuras y Montajes Prefabricados SA.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica en instalacións e edificios municipais, escolas infantís, CEIPS, iluminación pública e instalacións deportivas, no período xaneiro-febreiro-marzo, e aprobación da indemnización substitutiva por importe de 764.243,89 euros a favor de Naturgy Iberia, SA.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

- Gastos por prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPS dependentes do Concello, dos meses de marzo e abril, e aprobación da indemnización substitutiva por importe de 181.701,88 euros a favor de Servicio Centros Públicos Santiago de Compostela (UTE Ferrovial Servicios, S.A. e Ferroser Servicios Auxiliares)

12: Convalidación de gastos por mor de contratos menores por razón da contía.

Acórdase validar unha factura emitida por PEYCAR PONTEVEDRA, DE 12.607,90 euros, relativa a subministración de uniformidade para policía de novo ingreso.

13: Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais relativas á aprobación de convenios con entidades de carácter social. Apróbanse os seguintes textos:

- Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, por unha contía de 45.000 euros.
- Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, por unha contía de 5.000 euros.
- Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e Escola de tempo libre Don Bosco, por unha contía de 5.000 euros.

14. Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, relativa á aprobación do proxecto de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E INTEGRACIÓN DO APARCADOIRO MUNICIPAL EN SUPERFICIE DO PARQUE DE BELVÍS". Acórdase aprobar o proxecto de "Mellora da accesibilidade e integración do aparcadoiro municipal en superficie do parque de Belvís". O orzamento de execución material é de 245.669,90 euros, máis 46.677,28 euros (13% G.G. + 6% B.I.), o que da un orzamento base de licitación de 292.347,18 euros, ao que se engade o 21% de IVE por unha contía de 61.392,90 euros. **O custe total é de 353.740,09 euros**, e o prazo de execución de 4 meses. Deberá cumprir as seguintes condicións:

- Realización de controis arqueolóxicos das obras de escavación.
- Replantar o maior número posible das moreiras existentes, (en formación do pequeno bosque previsto ao carón do linde norte do aparcamento para ocultar a visión do aparcamento dende a parte norte da valgada de Belvís).
- No caso das plantacións proxectadas deberase ter en conta as directrices do artigo 17 "Condicións de urbanización" do Plan Especial do Parque de Belvís.

15. Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención da Xunta de Galicia para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, anualidade 2020. Acórdase a aceptación da subvención da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, por importe de 25.000 euros, para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, 7.533,9 euros son para o ano 2020 e 17.466,10 para o ano 2021.

16. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor dos "servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago". Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Espina y Delfín, por importe de 26.066,12 euros, depositada para responder as obriga derivadas do contrato "Servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago".

17. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Gas Natural Comercializadora por un importe total de **114.680,49** euros depositada para responder do contrato de "Subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do concello de Santiago (Lotes I, II, III).

- Lote I. 19.377,06 euros + 990,7 euros
- Lote II. 75.233,58 euros
- Lote III. 19.079,15 euros

18. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019. Programa de conciliación do departamento de educación e cidadanía do Concello de Santiago". Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Actividades Lúdicas Galicia, por importe de 3.057,7 euros, depositada para responder do contrato de "Servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019. Programa de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago".

19. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018-". Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Alcomte Galicia, por importe de 5.000 euros, depositada para responder do contrato de "Servizo de execución de diversas operacións e roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela - Campaña complementaria 2018".

20. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "subministro de vehículo lixeiro contraincendios, mediante RENTING con opción de compra, para o Concello de Santiago". Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, por importe de 13.860 euros, depositada para responder do contrato de "Subministro de vehículo lixeiro contraincendios mediante renting con opción de compra, para o concello de Santiago.

21. Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1. Dar conta de varias sentenzas:

- Dáse conta da sentenza 104/2020 de cesión ilegal persoa CAU e diferenzas retributivas. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en suplicación. Os demandantes consideran que tiñan sido obxecto de cesión ilegal entre a empresa TecnoCom, logo absorbida por Indra, e o Concello, e reclamaban a súa declaración como persoal laboral indefinido non fixo.
- Dáse conta da sentenza 106/2020 de impugnación de resolución que desestima o recurso de reposición interposta contra outra do 25 de xuño de 2019, que impón unha sanción de 60 euros ao concello por infracción leve. Na resolución desestímase o argumento relativo á interrupción da prescrición da infracción, estimando que non son válidos para interrompela os dous intentos de notificación efectuados pola administración. Contra esta sentenza non cabe recurso.

- Dáse conta da sentenza 107/2020 de denegación de licenza de legalización de obras no casco histórico. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación. A solicitude para destinar un local á venda de comestibles fora denegada en 2015 por incumprimento de 3 requisitos técnicos.
- Dáse conta da sentenza 121/2020 relativa á reclasificación profesional de C2 a A2, ou subsidiariamente C1. A sentenza, contra a que cabe recursos de suplicación, é favorable para o concello.
- Dáse conta da sentenza 278/2020 de denegación de uso hoteleiro na rúa Azibechería. Contra a sentenza, favorable para o concello, cabe recurso de casación.